



**RESOLUCIÓN do 19 de outubro de 2020, do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Humanas e Sociais, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas do proceso de selectivo.**

Por resolución do 9 de outubro de 2020, o tribunal nomeado pola resolución do 18 de setembro de 2020 para valorar o proceso selectivo para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, dentro do dominio de Ciencias Sociais e Humanas, acordou outorgar ao candidato Jacob Copeman (\*\*2534\*\*) 23 puntos na segunda fase.

A puntuación total acadada polo candidato no conxunto do proceso de selección é de 91 puntos.

Ao non terse presentadas reclamacións no prazo sinalado a tal efecto, acórdase elevar a definitivas as anteditas puntuacións

De acordo co artigo 11 das bases da convocatoria, o Tribunal selecciona para o posto de investigador, na modalidade de investigador distinguido, no dominio ERC de Ciencias Humanas e Sociais a Jacob Copeman (\*\*2534\*\*).

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela,

O secretario do Tribunal  
Benito R. Fernández Rodríguez

